



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Expropiación Forzosa. Plan de saneamento municipal 2023, 4ª fase. Pagamento do xustiprezo

EXPROPIACIÓN FORZOSA PLAN DE SANEAMENTO MUNICIPAL 2023_ 4ª FASE. PAGAMENTO DO PREZO XUSTO

Por Resolución desta alcaldía núm. 997/2025, do 15 de outubro adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

«Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Expropiación Forzosa. Plan de saneamento municipal 2023, 4ª fase: Saneamento en Aldea Covas e saneamento en Outeiro-Ouces. T.M. de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento). Pagamento do xustiprezo

Expediente. 2023/X999/000048

O Pleno do Concello de Bergondo, en sesión ordinaria do 30 de novembro de 2023, aprobou definitivamente o Plan de saneamento municipal 2023, cuarta fase, que inclúe entre outros, os proxectos de: 1. Proxecto de saneamento en Aldea Covas, Concello de Bergondo, cun valor estimado de 105.644,35 euros; máis 22.185,31 euros de IVE (21%), que fan un total de 127.829,66 euros; e 2. Proxecto de saneamento no Outeiro-Ouces, Concello de Bergondo, cun valor estimado de 124.289,15 euros; máis 26.100,72 euros de IVE (21%), que fan un total de 150. 389,87 euros.

O expediente expúxose ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia núm. 237 do 14 de decembro de 2023, e na mesma data no xornal *La Voz de Galicia* e no taboleiro de electrónico de anuncios da Sede electrónica municipal; así como practicouse a notificación individual aos interesados no expediente e ao non podela realizar, nalgúns casos, publicouse a notificación edictal no BOE núm. 16 do 18.01.2024; e que segundo consta no informe do funcionario de rexistro, no prazo outorgado para o efecto, non se presentaron alegacións.

O Pleno municipal, na súa sesión extraordinaria do 4 de abril de 2024, aprobou definitivamente os devanditos proxectos, incluído nos mesmos os Anexos de expropiacións, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RDLex. 781/1986, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación concreta individualizada se describe nos anexos dos proxectos, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación. Declarouse expresamente a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxas relacións concretas individualizadas aprobábase definitivamente e procedeuse a publicar e notificar o acordo consonte co disposto no artigo 20 da Lei de Expropiación Forzosa e no artigo 20 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

O anuncio de aprobación definitiva publicouse no Boletín Oficial da Provincia num. 114 do 13 de xuño de 2024, no xornal *La Voz de Galicia* e no taboleiro de electrónico de anuncios da Sede electrónica municipal na mesma data; así como a notificación individual aos interesados no expediente e a notificación edictal no BOE núm. 180 do 26 de xullo de 2024.

En cumprimento do disposto nos artigos 24 da vixente Lei de expropiación forzosa e concordantes do seu Regulamento, procedeuse ao intento de adquisición por mutuo acordo dos bens e dereitos contidos na relación concreta individualizada integrante dos citados proxectos; con respecto aos que mostraron desconformidade e/ou non se puideron notificar, eleváronse as pezas separadas ao Xurado de Expropiación de Galicia para a fixación do prezo xusto.

Con data 1 de agosto de 2025, núms. rexistro de entrada 202500000001255, 202500000001256, 202500000001257 e 202500000001258, recíbense no Concello de Bergondo, as notificacións do acordo do Pleno do Xurado na súa sesión do 24.07.2025 de fixación de prezo xusto no expediente de Saneamento en Outeiro-Ouces, (fincas 3, 6, 7 e 8).

Con data 30 de setembro de 2025, núm. Rexistro de entrada 202500000001776, recíbese no Concello de Bergondo, a notificación do acordo do Pleno do Xurado na súa sesión do 25.09.2025 de fixación de prezo xusto no expediente de Saneamento en Aldea Covas.

Consonte co disposto no artigo 48 da Lei de expropiación forzosa e 48 e seguintes do seu regulamento, procede realizar o pago da contía fixada no prazo máximo de 6 meses.

Consonte coas atribucións conferidas por acordo plenario do 25 de novembro de 2021, publicado no BOP núm. 230 do 02.12.2021, pola presente **RESOLVO**:

Primeiro: Aprobar os prezos xustos fixados de mutuo acordo e polos acordos do Pleno do Xurado de Expropiación de Galicia, na súas sesións do 24.07.2025 e 25.09.2025, no expediente de expropiación do Plan de saneamento municipal 2023, cuarta fase, que abrangue os seguintes proxectos: Proxecto de saneamento en Aldea Covas e Proxecto de saneamento no Outeiro-Ouces, co detalle recollido nos Anexos á presente Resolución, con cargo á aplicación orzamentaria 160/600.00 do vixente orzamento, condicionado á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos por suplemento de crédito 3_SC.

Segundo: Ordenar os pagos aprobados no punto anterior, e convocar ao/s titular/es dos bens e dereitos afectados que figuran na relación do Anexo para que comparezan no lugar, data e hora que se detallan a continuación, coa fin de proceder ao pagamento do prezo xusto indicado no punto anterior:

Data: 04/11/2025

Hora: 11:00 a 12:00 horas.

Lugar: Casa do Concello de Bergondo. Estrada da Coruña núm. 2. 15165 Bergondo

Ao devandito acto deberá acudir o/s titular/es afectado/s, persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, podendo vir acompañada á súa costa, se o estima oportuno, dos seus peritos e notarios.

Deberá achegar os documentos acreditativos da súa titularidade (escrituras de propiedade da finca) e certificación gráfica e descritiva de catastro (ou o último recibo da contribución, se constase nel a referencia catastral da finca). No caso de que a propiedade proceda dunha herdanza, a documentación a presentar serán as escrituras de partición de dita herdanza co cupo onde figure a finca expropiada, debendo identificar a mesma. No caso de que a partición da herdanza non fose efectuada e a finca estivese a nome de herdeiros, deberá aportar ademais: certificado de defunción, certificado de últimas vontades e testamento do titular, ou no seu defecto declaración de herdeiros.

Advertir aos interesados que o pagamento farase precisamente aos que figuran como donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, debendo estar todos presentes no acto do pagamento, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial ou do Consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso; e que deberán identificarse co Documento Nacional de Identidade.

En caso de non poder asistir persoalmente, non achegar a documentación requirida, ou naqueles casos en que non fora posible efectualo, procederase á consignación do importe na Caixa Xeral de Depósitos.

Así mesmo, neste acto, procederase á formalización das actas de ocupación correspondentes, en cumprimento do disposto nos artigos 52 e 55 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957.

No caso de non poderse realizar o pagamento, polos motivos sinalados previstos no párrafo cuarto anterior, cítase aos interesados para a formalización da acta de ocupación o **día 18 de novembro de 2025**, no lugar e horario sinalados anteriormente.

Terceiro. Publicar anuncio, nos termos do artigo 49 do Regulamento da Lei de expropiación forzosa no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo aos servizos de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos. »

ANEXO I

Saneamento en Aldea Covas, Concello de Bergondo		
FINCA	1	
TITULARES	FANDIÑO FRAGA, MARÍA CARMEN; FERNÁNDEZ LORENZO, JULIO	
REFERENCIA CATASTRAL	2457817NH6925N0001KK	
SUPERFICIE TOTAL (m²)	381.00	
SUPERFICIE AFECTADA (m²)	47	
TIPO DE AFECCIÓN/M²	PLENO DOMINIO	47 m²
	SERVIDUME DE ACUEDUCTO	0 m²
CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANO	
SITUACIÓN URBANÍSTICA SOLO	URBANIZADO	
PREZO XUSTO	1.241,15 €	

ANEXO II

Saneamento en Outeiro-Ouces, Concello de Bergondo									
RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS									
FINCA	REFERENCIA CATASTRAL	TITULAR	SUPERFICIE TOTAL (m²)	SUPERFICIE AFECTADA (m²)			CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO	PREZO XUSTO €
				PLENO DOMINIO	OCUPACIÓN TEMPORAL	SERVIDUME			
1	15008A052002810000XK	MISOPAMA S.L.U.	2.486	2,25		66	Rústico	Rural	359,75
2	15008A052000600000XD	BERMUDEZ PURRIÑOS JOSE [HEREDEROS DE] BERMUDEZ SANCHEZ PABLO BERMUDEZ SANCHEZ SERGIO JOSE	2.384	4,5		376	Rústico	Rural	1.963,91
3	15008A052002250000XZ	FARIÑAS BARREIRO JOSE MANUEL MARTINEZ BOQUETE AURORA LEONOR	5.126	14		653	Rústico	Rural	3.739,77
4	002101600NH69G0001OS	SANTOS LEDO MARIA TERESA	1.544	-		27	Núcleo Rural (solo non urbanizable)	Urbanizado	765,72
5	002101400NH69G0001FS	NUÑEZ GOMEZ ANTONIO JOSE FERNANDEZ LOPEZ MARIA LUZ	1.540	4		68	Núcleo Rural (solo non urbanizable)	Urbanizado	2.157,51
6	002101200NH69G0000KA	BRAÑAS OTERO MANUEL CARIDAD OTERO MARIA DEL CARMEN ANTONIA	7.400	14		420	Rústico	Rural	2.658,14
7	15008A052001290000XU	PEREZ LOUREDA CELIA MARIA [HEREDEROS DE]	5.016	-		50	Rústico	Rural	255,00
8	15008A052001260000XE	FONTÁN ALONSO, RUBEN ROLDAN PREGO, LUCÍA	2.240	-		2	Rústico	Rural	10,20
9	002100900NH69G0001LS	PONTE MITTELBRUNN AMELIA MARIA ANGELES PEÑA PONTE ALFREDO	2.901	-		17	Núcleo Rural (solo non urbanizable)	Urbanizado	482,12

Bergondo, 15 de outubro de 2025

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez

2025/6770